

O concello de Outes, a través do Servizo de Orientación Laboral, informa que o Boletín Oficial da Provincia publicou o mércores día 6 de marzo as bases das liñas de subvencións **PEL- PEMES** e **PEL-EMPRENDE** 2019.

A liña PEL-PEMES, está destinada ás pequenas e medianas empresas con domicilio fiscal en calquera dos concellos de menos 20.000 habitantes da provincia e cubrirá o 75% dos custos salariais totais de cada nova contratación, incluídas as cotas á Seguridade Social, por un período mínimo dun ano.

Como máximo poderase contratar a unha persoa por empresa. As persoas a contratar deberán cumprir unha serie de requisitos, como estar empadroadas en calquera dos municipios da provincia da Coruña, estar en situación de desemprego e inscrita nos servizos públicos de emprego, non manter relación laboral coa empresa beneficiaria da subvención nos meses anteriores ou non ter relación de parentesco coa persoa empregadora. Entre os criterios que se terán en conta para a subvención destas axudas están, entre outros: a duración do contrato e perspectivas de continuidade do traballador/a, o perfil profesional da persoa para contratar, o número de traballadores actuais da empresa ou o concello onde se sitúe, tendo máis puntos os municipios máis pequenos, co obxectivo de axudar á dinamización económica dos concellos rurais.

O programa PEL-EMPRENDE, contará con dúas liñas de subvencións: para investimentos e actividades. As axudas PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO están destinadas a empresas con menos de 5 anos de antigüidade e teñen como obxectivo impulsar o tecido emprendedor da provincia con subvencións destinadas ao investimento en bens inventariables novos e necesarios para a realización da súa actividade empresarial, tales como maquinaria, aplicacións informáticas, mobiliario ou equipos e utillaxe de traballo. As axudas do PEL cubrirán ata o 80% do investimento, cun máximo de 20.000 euros de axuda a fondo perdido.

A liña PEL-EMPRENDE ACTIVIDADES, destinada a empresas cunha antigüidade máxima de dez anos, contempla axudas de ata o 80% para apoiar ás empresas na contratación de servizos nos ámbitos da responsabilidade social corporativa, márketing e comunicación ou mellora da competitividade, expansión e exportación.

Para a valoración das solicitudes a liña de subvencións do PEL-EMPRENDE, a Deputación terá en conta, entre outros aspectos, o carácter innovador da empresa, o número de traballadores, o sector profesional da mesma, así como aquelas que apliquen medidas de responsabilidade social empresarial, medidas de conciliación da vida laboral e familiar dos traballadores, fomento da igualdade de xénero ou inserción laboral de persoas con discapacidade.

O prazo de presentación das solicitudes para concorrer ás subvencións abrirase oficialmente nos vindeiros días.

Pódese obter máis información destas convocatorias:

- Na web <http://emprego.dacoruna.gal> e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 6 de marzo
- Contactando co Servizo de Orientación Laboral:  
Rúa da Capela nº 13 1º andar (Serra de Outes)  
Teléfono: 981 851 094  
Correo electrónico: [orientación.laboral@outes.es](mailto:orientación.laboral@outes.es)  
Atención ao público: Mércores, xoves e venres de 08:00 a 15:00 h